

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 3 DE AGOSTO DE 2015.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**


D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 30 DE DATA 27 DE XULLO DE 2015.**

Acordouse aprobara a acta núm. 30/2015 da sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 27 de xullo de 2015 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZA DE OBRAS.**

**2.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para reforma de local existente para uso de ximnasio na rúa Otero Pedraio, 26 – Lalín, e aprobar a liquidación



Secretaría Xeral

practicada pola Intervención municipal de data 23/07/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 1.909,31 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

### **3.- LICENZAS PARA A ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.**

**3.1.-** Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** para a celebración das festas patronais de Muimenta, os días 10 e 11 de agosto de 2015.

**3.2.-** Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** para a celebración dunha sesión vermú e verbena no campo da festa de San Lorenzo de Vilatuxe, os días 10 e 11 de agosto de 2015.

### **4.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE OBRAS.**

**4.1.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para a realización de limpeza e selado de paramentos en fachada e patios, limpeza de canalóns e reposición de cuberta de poliéster por policarbonato na rúa Areal, 61 – 63 de Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 28/07/15 por importe de de 148,87 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

Asemade, consta no expediente a constitución na Tesourería municipal da fianza, con data 27/07/15, por importe de 3.500 euros.

### **5.- FACTURAS E CONTAS.**

Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente tendo en conta os informes da Interventora Municipal, de data 3 de agosto de 2015, fiscalizado con conformidade, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **1.928,95 euros**.

### **6.- AUTORIZACIÓN TAXIS.**



**6.1.-** En relación á solicitude de **transmisión da licenza de taxi nº 43** do Concello de Lalín, acordouse remitir copia do expediente e do informe técnico ao Servizo de Mobilidade da Xefatura Provincial da Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestruturas aos efectos de que emitan informe sobre a procedencia da transmisión da autorización interurbana de taxi, segundo o disposto no artigo 17 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

### **7.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELEIROS DELEGADOS.-**

**7.1.-** Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe de 220 euros.

**7.2.-** Acordouse estimar a solicitude de anulación da liquidación emitida en relación á Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con vallas, por importe de 27,20 €, posto que o interesado só pedía información e queda constancia de que non se realizou o feito impositivo.

**7.3.-** Acordouse solicitar a subvención para equipamento do CIM do Concello de Lalín por importe de 4.697 euros.

### **8.- CORRECCIÓN DE ERROS.**

**8.1.- Acordouse corrixir o** erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 13 de xullo de 2015. punto 11.1. expedientes de contratación, en relación ás partidas orzamentarias.

**8.2.-** Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 13 de xullo de 2015. punto 6.2. comunicación previa de obras, en relación ao DNI do interesado.

### **9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**9.1.-** Dáse conta da comunicación realizada polo **Concelleiro Delegado de Ocio** do Concello de Lalín en relación á programación de actividades realizadas por dita concellería para o mes de agosto de 2015.



**9.2.-** Acordouse conceder autorización municipal para a celebración o vindeiro día 17 de outubro de 2015, da proba *IIº Rallye de Regularidade Comarca do Deza*, que se desenvolverá por distintas rúas do casco urbano, quedando dita autorización condicionada á obtención do resto de autorizacións dos organismos pertinentes.

**9.3.-** Dáse conta do escrito remitido polo Director Xeral de **AGADER** no que se notifica a declaración de desestimación da solicitude da axuda solicitada para o proxecto denominada “**Acondicionamento exterior da zona do centro social de Goiás**”.

**9.4.-** Dáse conta do escrito remitido polo Director-Xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo no que informa da adxudicación de obras de mellora de diversos tramos do Camiño de Santiago-Vía da Prata no termo municipal de Lalín, en concreto en A Xesta, Botos, Laxe, Prado, Alto da Pena e Borralla e solicita colaboración municipal para manter en axeitadas condicións para os pelegríns.

**9.5.-** Acordouse autorizar o uso do Albergue de Mouriscade os días 22 e 23 de agosto e 5 de setembro de 2015 para facer unhas rutas a cabalo e poder pasar alí a noite.

**9.6.-** Acordouse conceder autorización ao Grupo de Danzas e Gaitas de Santiago Apóstol para o uso de dúas habitacións do Albergue de Mouriscade os días 14 a 17 de agosto, con motivo dunha actuación en Soutolongo.

**9.7.-** Dáse conta do escrito remitido por **Augas de Galicia** no que se informa da activación, o pasado día 10 de xullo de 2015, do Estado de Prealerta Hidrolóxico ante situacións de seca na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa e da constitución da Oficina Técnica da Seca, e solicítase a colaboración do Concello para a adopción das medidas propostas no plan de prealerta e o control axeitado dos usos da auga.

=====

